



PLAN DIXITAL

CEIP A PONTE-OURENSE

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

- **Introdución**
 - Datos básicos do centro
 - Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - Breve xustificación do mesmo
 - Proceso de elaboración

- **Situación de partida**
 - Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - Fontes empregadas para a análise DAFO
 - Análise DAFO

- **Plan de Acción**
 - Obxectivos, indicadores e accións
 - Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- **Avaliación do PD**
 - Seguimento do Plan de Acción
 - Propostas de mellora (revisión)

- **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

1. Datos do centro

Código: 32016327 Denominación: CEIP A PONTE

Enderezo: Rúa Xesús Pousa, 14 (Ourense) CP:32001

Correo electrónico

ceip.aponte.ourense@edu.xunta.es

Páxina web

www.edu.xunta.es/centros/ceipaponteourense/

Etapas educativas: Infantil e Primaria

Nº de alumnado: 399 Nº de profesorado: 41

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Características socioeconómicas e culturais da contorna do centro:*

O CEIP da Ponte está situado na marxe norte do río Miño, no barrio ourensán denominado “A Ponte”.

Este barrio está unido á cidade mediante catro pontes sobre o río Miño : a Ponte Romana, a Ponte Nova, a Ponte Novísima e a Ponte do Milenio. Ademais conta co viaduto do tren e a pasarela peonil “O Vao”. Este barrio dispón de boas comunicacións: rutas de autobuses urbanos desde todos os puntos da cidade, a estación de autobuses e a estación de ferrocarril que une a cidade coas principais vilas e cidades de Galicia. Actualmente, o barrio está vivindo unha transformación importante debido ás obras da estación intermodal que unirá a estación de autobuses e a estación de tren, preparándose así para recibir a próxima chegada do tren de alta velocidade.

A actividade económica de “A Ponte” desenvólvese ao redor do pequeno comercio, da construción e dos servizos, especialmente o de Correos, RENFE e un Centro de Saúde que ofrece atención primaria á poboación deste distrito. Ademais, este barrio goza da visita de parte do turismo que recibe a cidade dado que por unha banda, é paso obrigado do percorrido da vía da Prata (Camiño de Santiago) ao seu paso por Ourense e por outra, conta con boa parte das instalacións do termalismo ourensán.

Por outro lado, “A Ponte” foi seleccionado pola Xunta de Galicia como “Ecobarrio”, por ser unha área na que se desenvolverá un proxecto de enerxía renovable establecendo aquí, a primeira rede de xeotermia de Europa que terá como obxecto abastecer de enerxía algunhas instalacións públicas, sendo o CEIP A Ponte un centro piloto para dito proxecto.

No aspecto cultural este barrio dispón, entre outros servizos, de:

- Biblioteca pública.
- Sociedade Recreativa “A Troia”.
- Asociación cultural “Vía Vella de Ponte Canedo”.
- Asociación Sociocultural “Andén I”.
- Asociación de veciños.
- Asociacións deportivas.
- Centro Cívico “A Ponte”
- Festas do Apóstolo Santiago, de carácter popular.
- Entroido popular de FREI CANEDO

A nivel educativo a poboación escolar está atendida polos seguintes centros educativos:

- 1.- Dous colexios de infantil e primaria:
 - CEIP A Ponte.
 - CEIP Prácticas.
 - 2.- Dous institutos de Educación Secundaria:
 - IES Branco Amor.
- IES 12 de Outubro.

En relación á competencia e uso do galego neste barrio, pódese dicir que a grande maioría da poboación adulta comprende a lingua galega na súa expresión oral e escrita pero amosa unha tendencia crecente a non expresarse mediante esta lingua nin de forma oral nin de forma escrita. Cabe salientar que se aprecia certa resposta positiva ante o uso do galego, de maneira que cando un dos interlocutores fai uso desta lingua, adoita recibir resposta na mesma lingua. Agora ben, estase a apreciar o abandono progresivo do uso do galego nas xeracións máis novas.

O alumnado está constituído por un total de 399 nenos e nenas, 103 escolarizados en E.Infantil e 296 en E. Primaria.

A procedencia maioritaria dos alumnos/as corresponde coa área de adscrición do centro que inclúe todas as rúas comprendidas entre a marxe dereita do río, desde a Praza Ribeiriño ata o Paseo do Tinteiro.

O nivel sociocultural e económico da meirande parte das familias é de tipo medio, dado que a súa poboación traballa maioritariamente no sector do comercio e dos servizos.

A nivel lingüístico a lingua máis empregada polo alumnado é a castelá posto que esta é a lingua vehicular que acostuman a utilizar nos seus respectivos ámbitos familiares.

Os alumnos e alumnas galego falantes que se escolarizan no centro, adoitan abandonar o emprego desta lingua en breve espazo de tempo, substituíndo a lingua galega pola lingua castelá, posto que esta é a lingua vehicular utilizada maioritariamente no centro.

Durante o curso 2021-2022 imparten clases no centro 41 profesores e profesoras:

- 30 mestres definitivos,
- 8 mestres provisionais,
- 1 compartido que pertence ao claustro do CPI Terras de Maside,
- 2 mestres dos contratos programa.

Con respecto ao curso anterior aumentou o número de mestres coa incorporación dunha mestra máis dos contratos programa e da mestra de inglés compartida.

O persoal non docente está formado por:

- 3 coidadoras
- 2 conserxes en teoría, 1 conserxe na práctica (debido a non substitución da baixa prolongada dunha delas, pese a solicitude reiterada por parte do centro).
- 1 administrativa
- 1 enfermeira

Ademáis, traballan no centro:

- 3 persoas do servizo de limpeza.
- 3 persoas do servizo de atención temperá.
- 9 persoas do servizo de comedor.
- 8 monitores de actividades extraescolares, fronte aos 21 que desenvolvían actividades no centro antes da pandemia.

● Contexto institucional:

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos están en total consonancia e han de ser complementarios. Desta forma, o Plan Dixital pódese considerar como unha especie de plan estratéxico do centro, determinando a misión, visión, valores e estratexia do noso centro escolar para desenvolver un proceso de cambio dixital con iniciativas a curto e medio prazo cuxa viabilidade teremos que valorar atendendo aos nosos obxectivos e recursos. Do mesmo xeito que o PEC, o Plan Dixital someterase á avaliación e aprobación por parte do Claustro e o Consello Escolar do centro ao comezo de cada curso escolar.

O Plan dixital será o referente para as liñas de actuación das Coordinación TIC e Edixgal que se incluírán na Programación Xeral Anual do curso 22/23.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O PD Foi elaborado ao longo do curso 2021/2022 polo Equipo directivo, o Coordinador TIC e a Coordinadora Edixgal.

Temporalización:

- Novembro de 21: Reunión xeral para informar ao Claustro
- Decembro de 2021: Realización do SELFIE
- Marzo de 2022: Realización do test CDD
- Marzo de 2022: Reunións do equipo para a análise de resultados. Xornada de formación externa e análise DAFO.
- Abril e maio de 2022: Deseño e elaboración do Plan de acción

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: O centro dispón de conexión cableada e rede wifi, tendo acceso a Internet en todos os espazos do Centro.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
- Aulas dixitalizadas: todas as aulas de infantil e primaria e todas as aulas de uso común correspondentes a apoios ou especialidades:

música, relixión, inglés, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

- Proxecto E-Dixgal en 5º e 6º de primaria, dotado con 106 ultraportátiles para o alumnado e 11 para o profesorado
- Equipos de xestión e administración en secretaría, dirección e xefatura de estudos
- 5 equipos na biblioteca, un deles de xestión
- 4 equipos para uso na sala de profesorado
- 75 tablets para des uso compartido para os cursos de 1º a 4º de primaria
- Aula de informática con 13 equipos.
- Servizos dixitais educativos que facilitan a xestión docente: páxina web do centro, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil
- Xestión do mantemento do equipamento do centro. O mantemento do equipamento do centro é xestionado polo coordinador TIC e pola coordinadora E-Dixga. UAC e Servizo Premium Edixgal
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo).
 - Plan de Continxencia
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaponteourense/node/330>
 - Plan de Adaptación
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaponteourense/node/328>
 - Horarios espello para o ensino a distancia
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaponteourense/node/335>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Informe SELFIE de cada etapa educativa:

ÁREAS	Grupos de usuarios	Tipo de centro							
		CEE	CEEPR	CEIP	CEP	CPI	CPR	CRA	EEI
A- Liderado	Equipo directivo	3,17	2,89	3,22	3,21	3,51	3,52	3,13	2,45
	Profesorado	3,38	3,36	3,38	3,40	3,47	3,58	3,17	2,94
	Alumnado								
B- Colaboración e Redes	Equipo directivo	3,07	2,91	3,12	3,17	3,27	3,34	3,13	2,65
	Profesorado	3,03	3,12	2,98	2,98	3,11	3,26	2,93	2,73
	Alumnado	3,38	3,48	3,74	3,58	3,52	3,55	0,76	0,00
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo directivo	3,38	3,59	3,49	3,37	3,71	3,81	3,08	2,73
	Profesorado	3,27	3,69	3,41	3,35	3,57	3,67	3,86	2,86
	Alumnado	3,46	4,38	4,02	3,91	3,95	3,94	0,78	0,63
D- Desenvolvemento Profesional continuo	Equipo directivo	4,06	3,13	3,88	3,90	4,00	3,65	3,47	3,31
	Profesorado	3,81	3,18	3,68	3,71	3,62	3,49	3,48	3,35
	Alumnado								
E- Pedagogía: Apoios e recursos	Equipo directivo	3,79	3,44	3,84	3,88	4,00	3,98	3,76	3,62
	Profesorado	3,86	3,75	3,85	3,84	3,87	4,07	3,63	3,60
	Alumnado								
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo directivo	3,36	3,26	3,33	3,29	3,54	3,48	3,10	3,03
	Profesorado	3,44	3,49	3,44	3,35	3,50	3,55	3,10	3,21
	Alumnado	3,52	4,33	3,58	3,53	3,49	3,53		
G- Prácticas de Avaliación	Equipo directivo	2,44	2,46	2,86	2,72	3,19	3,07	2,68	2,45
	Profesorado	2,78	3,07	2,89	2,87	2,98	3,07	2,60	2,53
	Alumnado								
H- Competencias dixitais do Alumnado	Equipo directivo	2,98	2,69	3,30	3,24	3,49	3,52	2,77	2,32
	Profesorado	2,95	3,16	3,32	3,24	3,34	3,56	2,60	2,39
	Alumnado	3,54	3,70	3,98	4,02	3,89	3,89		

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	19	28	67,9%
PROVISIONAL	2	7	28,6%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO	1	4	25%
DESPRAZADO	1	1	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70,8	Integradora (B1)	76,4	Integradora (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	75	Integradora (B1)	68,2	Integradora (B1)
Prim	75,1	Integradora (B1)	77	Integradora (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,2%
A2	9	37,5%
B1	10	41,7%
B2	3	12,5%
C1	1	4,2%
C2	0	0%
TOTAL	24	100,10%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1.Equipamento: equipos e redes (3,8). 2.Existencia de dispositivos dixitais para o ensino: portátiles 5º/6º, tablets e carros de carga de 1º a 4º, ordenadores aula de informática. (4,3). 3.Suficiente acceso a Internet para uso no ensino: renovación rede 30/04/22 (3,9) 4.Boa asistencia técnica (4,2). 5.Política de protección de datos (4). 6.Dispositivos do centro para o alumnado (4,4). 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Actualización das PDI de 4º de EI ata 4º de EP.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1.Apoio do profesorado ás NTD (3,5) 2.Reflexionar sobre o uso das NTD (3,9). 3.Debate sobre a necesidade de desenvolvemento das NTD (4). 4.Acceso e oportunidades do profesorado para o desenvolvemento das NTD (4,3) 5.Intercambio de experiencias con NTD (3,8) 6.Busca e emprego de recursos en liña (4,8). 7.Creación de recursos dixitais (3,5) 8.Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe EVA EDIXGAL, Aula Virtual ... (3,5). 9.Uso das TD na comunicación coa comunidade educativa (4,6). 10.Adaptación das NT ás necesidades do alumnado (3,6). 	<ol style="list-style-type: none"> 1.Falta de tempo no horario presencial para explorar NTD. 2.Avaliar os nosos progresos coas NTD (2,7). 3.Uso das NT con outras entidades (2,9). 4.Emplego de actividades dixitais para o fomento da creatividade (3). 5.Emplego das actividades dixitais para a inclusión (3,4) 6.Emplego das TD para o traballo colaborativo (3,1) 7.Emplego das TD para a realización de proxectos interdisciplinares (2,7). 8.Uso das TD para avaliar ao alumnado (2,7). 9.Uso das TD para dar unha retroalimentación axeitada (2,6). 10.Emplego das TD para autorreflexión sobre a aprendizaxe (2,5). 11.Uso para a avaliación entre iguais (2,5).
	PERSOAL NON DOCENTE		<ol style="list-style-type: none"> 1. Intercambio de experiencias con NTD. 2. Busca e emprego de recursos en liña. 3. Creación de recursos dixitais. 4. Empleo das actividades dixitais para a inclusión. 5. Empleo das TD para o traballo colaborativo.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen dispositivos dixitais do centro a disposición do alumnado (4,4). 2. O alumnado aprende un comportamento seguro (4,2) 3. O alumnado aprende un comportamento responsable (4,2) 4. O alumnado DIXGAL aprende a 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado non aprende suficientemente a comprobar se a información que atopa na rede é fiable e precisa (3,5). 2. O alumnado ten un coñecemento insuficiente dos dereitos de autor e licencias de uso dos recursos dixitais (2,89).

		resolver problemas técnicos que xorden no emprego das TD.	3. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais (3). 4. O alumnado non aprende a comunicarse usando TD (3,3).
	FAMILIAS	1. Respecto e colaboración das familias ás propostas dixitais do centro e ao seu método organizativo (EDIXGAL). 2. Capacidade de adaptación e resposta das familias en relación ás NTD. 3. Emprego maioritario dos sistemas de comunicación corporativos.	1. Reticencias económicas do emprego de entornos virtuais de aprendizaxe non gratuítos (SNAPPET). 2. Escaso seguimento da páxina web do centro.
	OFERTA	1. A ANPA oferta actividades extraescolares vencelladas ás NTD: robótica, informática. 2. O centro forma parte do Plan EDIXGAL dende o inicio do mesmo.	1. Desenvolvemento da actividade de robótica e a súa aplicación lúdica ao aprendizaxe nas diferentes áreas.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1.Desenvolvemento da estratexia dixital co profesorado (3,9). 2.Apoio do profesorado ás NTD (3,5) 3.Boa asistencia técnica (4,2). 4.Existencia de blogs de centro con repositorios de contidos dixitais	1. Desenvolvemento da estratexia dixital (3). 2. Falta de tempo no horario presencial para explorar NTD. 3. Avaliar os nosos progresos coas NTD (2,7). 4. Fomentar o intercambio de experiencias entre niveis, ciclos e etapas. 5. Sistematizar as medidas para identificar a fenda dixital. 6. Actualizar e divulgar o repositorio de recursos dixitais do centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Estabilidade nos postos de traballo con profesorado definitivo. 2. Posibilidade de actualización dos equipos que o precisan atendendo ás peticións do centro. 3. Ofertas de formación permanete en FPROFE e CEFORE. 4. Convocatorias de programas vencellados ás NTD (EDIXGAL...) 5. Servizos de asesoría e asistencia técnica: UAC; Servizo Premium. 6. Posta en marcha do Plan Dixital de Centros.	1. Obsolescencia do equipamento informático (portátil de aula e proxectores EDIXGAL do 2011 e PDI de 4º de EI ata 3ºA de Primaria) 2. Carga lectiva e rateo do alumnado. 3. Carga burocrática e prazos da mesma. 4. Inadecuación do calendario escolar e falta de tempo para organizar o inicio do curso escolar. 5. Falta de recoñecemento e regulación do horario de liberación do encargado TIC do centro. 6. Imposibilidade de formación durante o horario presencial.
	LEXISLACIÓN	1. Regulación do ensino a distancia na etapa Covid. 2. Regulación da obrigatoriedade do Plan Dixital.	1. Inestabilidade lexislativa e curricular debida aos cambios na Lei de educación. 2. Sobrecarga de traballo pola renovación da documentación

			<p>debida aos cambios lexislativos.</p> <p>3. Inadecuación dos prazos organizativos do inicio de curso con respecto á adscrición do profesorado.</p>
CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Zona urbana con suficiente acceso a Internet. 2. Posibilidade de acceso das familias a equipos propios e internet. 		
ANPA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apoio ao programa EDIXGAL. 2. Oferta extraescolar de actividades relacionadas coas NTD. 		
OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1. Oportunidades de formación externa ofertada por: Concello, sindicatos, editoriais... 2. Oferta de actividades complementarias relacionadas coas NTD: Deputación, Concello, Afundación... 3. Posibilidade de asesoría dende AMTEGA. 		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

- Actualizar e /ou renovar o equipamento dixital do centro
- Afondar na aprendizaxe dun comportamento seguro e responsable no uso de Internet.
- Conseguir o emprego pola totalidade das familias das ferramentas dixitais corporativas para a comunicación Abalarmóbil e páxina web do centro e a correcta presentación de documentación dixital de ser preciso.

(Ver táboas)

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- 9 PDI incompatibles cos equipos renovados de 4º de Infantil a 4º de Primaria.
- 4 portátiles EDIXGAL obsoletos das aulas de 5º e 6º.
- 10 ordenadores obsoletos na aula de informática.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO						
Actualizar e/ou renovar o equipamento dixital do centro:						
OBXECTIVO 1:	Actualizar e /ou renovar o equipamento dixital do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC/Dirección do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de dispositivos renovados.					
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> 9 PDI's incompatibles cos equipos renovados de 4º de Infantil a 4º de Primaria. 4 portátiles obsoletos EDIXGAL de aula 5º e 6º. 10 ordenadores obsoletos na aula de informática 					
Valor previsto e data	<ul style="list-style-type: none"> 9 PDI's de 4º de Infantil a 4º de Primaria. 4 portátiles de aula 5º e 6º. 10 ordenadores na aula de informática. 			DATA: 30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Actualizar o documento “INVENTARIO TIC CEIP A PONTE” dende o 9/9/2019.	Coordinador TIC	Novembro 2022	Dispoñibilidade horaria do coordinador TIC.	Documento “INVENTARIO TIC” actualizado.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Completar o inventario XADE co equipamento anterior ao 9/9/2019 rexistrando o estado de cada equipo.	Administrativa	Decembro 2022	Documento actualizado proporcionado polo coordinador TIC. Dispoñibilidade horaria.	Inventario XADE completo e con rexistro de estado.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Emitir informe XADE do equipamento dixital en mal estado.	Secretaria	Decembro 2022	Inventario XADE actualizado.	Informe XADE emitido.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Insistir e volver solicitar a renovación do equipamento listado.	Dirección	Decembro 2022	Listaxe de necesidades	Solicitud tramitada	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: ALUMNADO

OBXECTIVO 2:	Afondar na aprendizaxe dun comportamento seguro e responsable no uso de Internet.	Acadado	
Responsable:	Equipo directivo/ Coordinadora Edixgal/ Coordinador TIC.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> - 0 alumnado coñece os riscos de Internet. - 0 alumnado coñece ferramentas, medidas e estratexias para facer un uso seguro de Internet. - 0 alumnado sabe comprobar se a información que atopa na rede é fiable. - 0 alumnado coñece as normas de comportamento na rede. - 0 alumnado ten coñecemento dos dereitos de autor e licencias de uso dos recursos dixitais. 		
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> - 0 alumnado de 5º e 6º de Primaria aprende un comportamento seguro e responsable na rede (puntuación 4,4 SELFIE). - 0 alumnado non aprende suficientemente a comprobar se a información que atopa na rede é fiable (puntuación 3,5 SELFIE). - 0 alumnado non ten un coñecemento suficiente dos dereitos de autor e licenzas de uso dos recursos dixitais (puntuación 2,89 SELFIE). 		
Valor previsto e data	<ul style="list-style-type: none"> - 0 alumnado de 5º e 6º de Primaria aprende un comportamento seguro e responsable na rede (puntuación 5 no SELFIE 22-23). - 0 alumnado aprende a comprobar se a información que atopa na rede é fiable (+4,5 no SELFIE 22-23). - 0 alumnado ten coñecemento dos dereitos de autor e licenzas de uso dos recursos dixitais (+4,5 no SELFIE 22-23). 	DATA: 30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<p>A02.1: Inclusión no Itinerario TIC do centro de contidos relacionados co uso seguro e responsable das tecnoloxías e recursos dixitais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Afondamento nas ferramentas, medidas e estratexias de seguridade -Dereitos de autor e licencias de uso dos recursos dixitais. 	<p>Coordinador do Itinerario TIC do PFPP do centro.</p>	<p>Outubro 2022</p>	<p>Continuidade do Itinerario TIC no PFPP do centro</p>	<p>O itinerario TIC do PFPP inclúe contidos sobre seguridade e responsabilidade no uso das tecnoloxías e recursos dixitais.</p>	Realizada
					Aprazada
					Pendente
<p>A02.2: Elaboración de material sobre o uso responsable (incluíndo dereitos e licencias) e seguro dos recursos dixitais: dípticos, infografías, guías de uso.</p>	<p>Profesorado participante no PFPP.</p>	<p>Maio 2023</p>	<p>Tempo de traballo grupal e individual no PFPP.</p>	<p>O profesorado do itinerario TIC do PFPP elaborou e difundiu nas aulas, el mesmo ou a través dos titores/as: dípticos informativos e/ou infografías e/ou guías de uso.</p>	Realizada
					Aprazada
					Pendente
<p>A02.3: Divulgación, a través da páxina web e das aulas virtuais, das normas de uso dos recursos dixitais entre a comunidade educativa: alumnado, familias, profesorado e persoal non docente.</p>	<p>Dirección do centro e coordinador TIC.</p>	<p>Xuño 2023</p>	<p>Publicación das normas de uso na páxina web e nas aulas virtuais do centro</p>	<p>A comunidade educativa está informada das normas de uso dos recursos dixitais.</p>	Realizada
					Aprazada
					Pendente
<p>A02.4: Actualización, de ser preciso, e divulgación entre o alumnado de 1º a 6º Primaria do “Protocolo de uso das Tablets” e do “Protocolo de uso dos ordenadores”, segundo corresponda.</p>	<p>Equipo directivo, coordinador TIC e a coordinadora Edixgal. Titoras/es.</p>	<p>Setembro 2022</p>	<p>“Protocolo de uso das Tablets” e do “Protocolo de uso dos ordenadores” revisado polo equipo directivo, o coordinador TIC e a coordinadora Edixgal.</p>	<p>O alumnado de Primaria coñece os protocolos de uso dos recursos dixitais do centro.</p>	Realizada
					Aprazada
					Pendente

A02.5: Inclusión de bibliografía e webgrafía nos traballos do alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria.	Profesorado da área	Xuño 2023	Ensino ao alumnado de como incluir bibliografía e webgrafía.	O alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria Inclúe bibliografía e webgrafía nos seus traballos.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: FAMILIAS			
OBXECTIVO 3:	Conseguir o emprego pola totalidade das familias das ferramentas dixitais corporativas para a comunicación Abalarmóbil e páxina web do centro e a correcta presentación de documentación dixital de ser preciso.	Acadado	
Responsable:	Dirección do centro	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	<ol style="list-style-type: none"> 1. Uso do Abalarmóbil pola totalidade das familias en todas as súas funcionalidades. 2. Lectura maioritaria das entradas na páxina web do centro avisadas por Abalar. 3. Presentación dixitalizada da documentación solicitada. 		
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> • Emprego habitual do Abalarmóbil por parte da totalidade das familias para solicitude de titorías, xustificación de faltas, consulta de notas e mensaxería. • Moi escasa consulta por parte das familias das publicacións de centro na páxina web: publicacións de centro e blogs de dinamizacións. • Dificultades para a correcta presentación dixital de documentación. 		
Valor previsto e data	<ul style="list-style-type: none"> • 100% de uso do Abalarmóbil en todas as súas funcionalidades. • Máis de 150 lecturas de cada unha das publicacións na páxina web do centro. • 100% da documentación dixital presentada correctamente cuberta e escaneada. 	DATA: 30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Divulgar entre as familias novas no centro e lembrar ao resto da comunidade educativa a necesidade do emprego da App Abalarmóbil en todas as súas funcionalidades.	Dirección do centro e titoras/es.	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> - Asamblea Anual - Circular informativa - Mensaxe abalar con enlace a videotutorial publicado na páxina web do centro. - Reunións de aula de inicio de curso. 	As familias están informadas sobre a App Abalarmóbil, o seu uso e funcionalidades e sobre a necesidade de emprego.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Rexistrar o emprego do Abalarmóbil para xustificar faltas, solicitar titorías e recibir e emitir mensaxes.	Dirección do centro e titoras/es.	Outubro 2022	Táboa de rexistro de uso por aula na que conste cada familia e o emprego de cada funcionalidade.	O 100% das familias empregan o Abalarmóbil.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Presentar de novo a páxina web do centro na Asamblea Anual e nas reunións de aula, incidindo na necesidade de consulta para cumprir o seu obxectivo de informar.	Dirección do centro e titoras/es.	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> - Asamblea Xeral - Reunións de aula - Acceso á páxina web 	As familias coñecen a páxina web e os seus apartados.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Publicar en formato autoeditable os impresos de uso habitual no centro no bloque "Secretaría".	Secretaria/o Dirección do centro	Xuño 2023	Dispoñibilidade horaria para a elaboración da guía	Os impresos de uso habitual no centro están publicados en formato autoeditable na páxina web.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.5: Publicar "Guía para o envío ao centro de documentación dixitalizada".	Encargado TIC e secretaria/o.	Xuño 2023	Dispoñibilidade horaria para a elaboración da guía.	As familias coñecen os requisitos para o envío de documentación dixitalmente e envíanas segundo os mesmos.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto se alcanzou e se é preciso realizar variacións na formulación das accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

Coa análise destes indicadores elaborárase un informe avaliativo final que recollerá os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

5. Difusión do plan

O PD será presentado no Claustro e Consello Escolar nas reunións previstas para o 29 de xuño.

O plan será publicado na páxina web do centro e no blog das TIC e dado a coñecer polo equipo directivo e o profesorado nas reunións que se realicen no comezo do curso 22/23.